

"Margarida" - Cirís de Arriba

A Cruña 2 de marzo do 1953

(7)

Dr. D. César Alvaizar
París

C. 16.

Vello e nobre amigo:

Cando che escribín miña anterior tiña non poucas razóns de que chegase ao teu poder. Cartéome con algúns amigos residentes en Bos Aires, sempre empregando nas miñas letras a fala da nosa terra; eles fan o mesmo, e moitas gárdense no camiño; pois, as vogadas tropezan nos baixíos e afondan no mar. Non é grato para moitos que se ame e cultive o linguaxe no que Curros, Ponal e Rosalía exprimiron as máis intensas vibracións das súas almas. Vexo, pola túa carta, que non se perderá a miña, o que me enche de alegría e dame alento para che escribir de novo, nesta fala, que lle imprime máis intimidade as cartas.

Non teñas temor a non saberes escribir o noso idioma; repara que todos o facemos incurrido en moitas fallos d'ortografía, de sintaxis, e inda de formación dos verbos. Cada un escribe como sabe ou quer; non hai regras fixas, e quen debía as ditar, que é a nosa Academia Gallega, non se se arreda desta labor - que é o primordial da súa misión - senon que, parécese polos aincos que teño observado, salvo contados académicos, os máis deles - co seu actual presidente en cabeza - conche opostos ao cultivo da fala. ¿O non eres? ¿pareceche imposible? Pois é unha realidade.

Non me canson estranexa algunha o que me dís de que na Francia se desconoce a nosa existencia; na España ocorre o mesmo, hai un decidido empeño en nos ignorar como povo integral e de posibilidades culturais. Negásenos a existencia ou se de nos se fala a través do espírito rosaliano. Nas obras de literatura publicadas recentemente polos autores españoles, e haxtra por un catalán - ¡pás mate, por un catalán! - dícese - coma se Menéndez Pelayo non houbera xa estudiado e dito outra cousa - que as cantigas do Rey Alfonso o Sabio, e os cancioneros, foron escritos en portugués. Prefírense conceder a gloria a Portugal, primeiro que reconecere o menor mérito a Galicia. Témolo ben merecido pola nosa maneira de ser; noso individualismo egoísta e deido que nos divide en grupúsculos aldeáns formados por un padriño caciquil e catro veciños por anteiro a ele entregados e sen querer saber nada dos demais moradores da terra xa circundante; en vez de nos sentir todos galegos e axuntados ao amparo dunha só bandeira que amar e defender pensando grandemente en civilizado e progresivo decoro.

Fai días entreguei a Naya unha grexada de composicións poéticas de diferentes autores, que recollín e cogíei despois de follear moitos libros. Certamente penséi que tería máis éxito. Coidei haxtra máis do temor que ti desexas, e sufrín un desencanto. Como verás, se as recibes, pois díxome que chás mandon xa - hai pouco onde escoller se ha facerse un libro de valía. En xeral son ruincísimas. Verdaderamente poetas de fibra brava, como ti queres, non hai senon moi poucos: Ponal, Curros, Auguís, e Lopez Abente. Os demais, outros sen poesía de cara mol, teñen unha ou dúas de ferro. Si escollerás as que che goñdan servir, e dirás de que autores queres che mandarmos os datos biográficos. Temo algunha máis, poucas máis, que che mandaremos en breve. Entre elas vai unha de Curros, "A fonte do abó" que non está na obra "Aires da miña terra".

Sinto non ter exemplares de "Literatura Gallega" do meu pai. Esta obra está esgotada desde xa fai tempo e non hai maneira d'atopar exemplares. Só unha casualidade pode facer que se tope algunha librería de ocasión. Con ser a primeira que se imprentou, é a máis completa de todas; non ten - orano está - os modernistas, que, dito de poas, non valen nen unha rabia; para min o lecho é perdido tempo. A antoloxía que ti tes, de Álvaro das Casas, é moi incompleta; recolle sómentes algunhas

2
das poezías comprendidas na que o meu pai publicou, e a elas engade algunhas dos escriptores modernos
seus amigos; prescindindo dos demais. É este un dos defectos da nosa raza. Eu ben quixera que ti
non caías nese defecto e que atender a publicar todo aquilo que sexa merecedor de ser conhecido,
sexa quen quer o autor, amigo ou non amigo; pois a amizade non debe tomar parte no xuízo
e avalúa das producións literarias, senon a forma e contido das propias obras.

Non quero inhuir en nada nos teus xulgarmentos e nas tuas intencións. Reconozo o mérito
e importancia da obra que te propoñes editar, e como ti, gustaríame ver nela todos os xéneros de
virilidade, pois de bágoas e queixumes estamos máis que fartos, e hora vai sendo de dicir ao
mundo que na nosa terra non só hai "choromas para os enteiros", hai homes tamén braves, fortes,
compidos; como hai quen ri e quen baila e trouca. Aquí nos montes dando - como ti sabes -
os toxos, que si botan choromas (florinas soaves coma a seda, de viva cor marcha d'ouro vello), botan
tamén longas e fortes espiñas, cal agullas ou chuzos d'acerío, e sen par, unha vez seco, e duro,
e axeitado para mallor no lombo dos que nos abraxan ou abafallan.

Non sei, mas o termo, que se somente queres inhuir no tomo, composicións de carácter civil,
resulte a Antoloxía un pouco pobre e floxa; máis completa, variada e amena será tal vez engan-
dando poezías de xéneros diversos; inda que fluxindo sempre d'un exceso de chormiqueria e de
suspiros de namorados da lúa e das estrelas. Podíanse poñer, poezías narrativas, de costumes e
descriptivas; sátiras, epigramas, e odas relixiosas, algunha égloga, e algunha que outra fabula, prom-
tando en todo un xusto equilibrio que dese variedade a obra. Mas, ti, mellor que min, sabes o que deas
facere. Se queres mandareiche cogias de poezías doutros xéneros, e incluso algunhas dos modernistas
inda que destes non tens en acolio, pois me non grazen.

Fain ver ao noso amigo D. Olist, mas non o atopar na librería. Volverei un destes días a ver se
tens máis acerto e falo coñe. Leandro díxome onte - domingo - que D. Olist foi pe' dele a Aca-
demia e que quedaron en que che mandará as obras completas de Rosalía e as de Curros Enríquez; e Lean-
dro pensa che mandar un dos libros de Cabanillas, para que ti escollas máis o que mellor che pareza.
En a dirección de Cabanillas, en Madrid, non a ver. Supoño che habere mandado xa Hoxa, pois debe
tel-a rexistrada na Academia.

Para que te des conta de como anda o poeta, dicireiche que pouse o reto as publicacións en gale-
go e nos boletíns non se publica ren na nosa fala. Foi pouco, en Madrid, fixose unha edición das
poezías de Curros e emudadosamente enxargada, e falase de que se vai facer a reimpresión das obras
de Cabanillas, paradas por unha peneira fina, para as limpar de canto sone a galeguismo e rebeldía.
Parece ser que o poeta opou reparos e non está conforme co ese pensamento, mas non sei se ao
calo consentirá.

Es, ou tedes, que ter coitado que non sexa a obra dura, nen de resenndo político. Non se
vaian derivar dela disgustos e congnicos. Unha Antoloxía variada en xéneros e motivos,
tal vez f'ze o mellor, dando mostran de que nosos poetas cultivan toda crás de temas: amorosos,
sentimentales; festivos, heróicos e descriptivos etc etc. Éi, na esolla poñerás o mellor senti-
do; eu mandareiche os materiais que poida para que tens ben por onde escoller; se non f'ze
a cousa con tanta premura, entendo se podería facere unha escolma escolleita, máxime limi-
tando o número de composicións a corenta ou cincuenta e máis incluíndo nelas composicións
boas e serias como "A vida do campo", versión galega de d'Horacio, por García Moqueoso; algunhas
alboradas, entre elas a escrita por D. Conxenedes Pastor Díaz; algúns sonetos de Vasconcelos e odas de
Anacrsonte traducidas do grego polo dito D. Florencio; "O falar das fadas", de Lamas Carvajal, e
outras máis de carís diferente. Éi dicirás.

É por hoxe abunda. Recibe unha ganinosa aperta de teu vello amigo

Alxís